

ALGUNOS CANTOS LOCALES DE GALICIA *

(MILÁ, *La Romania*; MURGUÍA y VALLADARES, *Colec. mss.*

- a) Miña Virxen d' Aguas Santas
Ten as culleres n'a fonte
Para beber os romeiros
Que vén cansados d'o monte.
- b) Miña Santa Margarida,
Miña Margarida Santa,
Tendes a casa n-o monte
Donde o paxariño canta.

(*) En las pequeñas colecciones mss. que poseo de coplas populares asturianas y mallorquinas (debidas á la bondad de los SRES. RATO y CARNICER) no hay ninguna local. Hé aquí dos catalanas de ese género, halladas en un pliego escrito de mano que me regaló mi amigo DEMÓFILO:

A Guimerá ne son guapas,
A Cintadilla no tant;
Froment son à Roca-llaura
Y à Bell-tall la flor del Ram.

Montanyas de Montserrat
Tot lo dia hi toca 'l sol
Pera fer tornar morenas
Las noyas de Monistrol.

- c) A Virxe de Cerca vaise,
O cabildo vay con ela;
Panadeiriñas d'a prasa,
Vinde á despedirvos d'ela.
- ch) Pontevedra é boa villa,
Da de beber á quen pasa;
A Fonte de Ferreria,
San Bartolomé á prasa.
- d) Vexo á Vigo, vexo á Vigo,
Tamen vexo á Compostela;
Vexo o Ponte de San Payo,
Camiño de miña terra.
- e) Si che vas á San Benito
Non vayas ó de Paredes,
Que tamen San Benito hay
N-ese convento de Leres.
- f) Airiños, airiños, aires,
Airiños d'a miña terra;
Airiños, airiños, aires,
Airiños, levaimo á ela.
- g) A subí-la e á baixá-la
A costa de Carracedo,
A subí-la e á baixá-la
Perdei a cinta d'o pelo.
- h) Salvaterra non ten augua,
Se non ten eu ll'a darei;
Co 'a augua d'os meus ollos
Salvaterra regarei.

- i) O canto d'o galleguíño
É canto que nunca acaba;
Qu' empeza con *talalila*
Y acaba con *talalala*.
- j) As miniñas de Parada
Non tèn nada n-as orellas;
Cando vén o dia santo
Ponen cagadas d' ovellas.
- k) Campanas de Bastabales,
Cando vos oyo tocar
Mórrome de *soledades*.
- l) Elas de Laiño son,
Collen o junco n-as breñas,
Van á vender ô Padron.
- ll) Alegría, Madanèla,
Qu' agora ja nos van dando
Os aires d'a nòsa terra.
- m) Nenas de Castro-Loureiro,
Dejà pasa-l-as d'a Ulla
Con ferreñas e pandeiro.
- n) Ó San Bastian corramos
Á cima d'o Pico-Sagro,
Para ver cal raya o sol
N'a ciudá de Santiago.
- ñ) A aldea de Vilancosta,
De lonje, parece vila
Co-aquèlas casiñas nòvas
Que tèn d'o lado d'arriba.

- o) A aldea de Vilancosta
Pasei-n-a de madrugada.
Á quèn eu quería ver
Inda quedaba n'a cama.
- p) A aldea de Vilancosta
Pasei de noite por èla.
Marujiña n'a ventana
Alumbroume c'unha vèla.
- q) O carballo do Galleiro
Heino de mandar cortar;
Cando vou pra Redondela
Quitame a vista do mar.
- r) —Paxariño gorrion,
¿Onde vas facé-lo nido?
—Ó carballo de Viana
Ó mais alto ramalliño.
- rr) —Barqueiros de Vilanova,
Qué vento querés levar?
—Po-la mañan vento á ria,
A tarde vento do mar.
- s) O logariño d' Esqueiro
Pequeniño e ben visoso;
O que nel tomar amores
Pódese chamar dichoso.
- t) A Meaño, á Meaño,
Prenda do meu corason;
A Meaño, á Meaño,
Ó lugar do Couto non.

- u)* Para Pasos, para Pasos,
Para Pasos, corason;
Para Pasos, para Pasos,
Que para outro sitio non.
- v)* Vivan os canteiros, madre,
Vivan os de Pontevedra,
Que fixeron vir a yangua
Dende Vigo á Redondela.
- w)* Ay! niña Virxe da Barca,
Ay! miña Virxe, valeme,
Qu'estou no medio do mar
Sin ter barqueiro que reme.
- x)* Veño da Virxe da Barca,
Veño d'abalar a pedra;
Tamen veño de vos ver,
Santo Cristo de Fisterra.
- y)* Campanas de Bogallido,
Cando vos oyo tocar
Revirasem'o sentido.
- z)* As meniñas de Boel
Pôn o pé na yagua crara,
Non se lle quer avolver.
-

VARIOS